

O PSOE de As Nogais denuncia que o Alcalde “despilfarre” os fondos públicos en muros cando hai pobos con alumeado, traídas de auga e accesos deficitarios

Para os socialistas isto é unha mostra da falta de planificación e de rigor na xestión do diñeiro “de todos”, pois “as paredes”, que se situaban na Praza da Nogueira, unha delas finalmente tivo que ser demolida debido a que a entidade local non contaba cos permisos necesarios para poder executala, e outra destinouse a protexer unha finca privada

Na construción da infraestrutura, que dividía lonxitudinalmente este espazo público, estiveron traballando 8 peóns, durante dez días. Tivo un custe para as arcas públicas duns 4.000 euros, a cantidade correspondente ós 80 xornais que tivo que pagar o Concello polo traballo realizado

A súa execución provocou tamén que os transportistas, que diariamente estacionaban o seu vehículo na zona, non puidesen facelo; unha molestia que puido ser evitada e que incluso contribuíu a incrementar o risco de roubo, xa que os camioneiros tiveron que facer o descanso nun lugar máis afastado e con menos visibilidade

Os socialistas de As Nogais denuncian publicamente que o Alcalde deste municipio “despilfarre” os fondos públicos na construción de dous muros na Praza da Nogueira, xa que, o que dividía lonxitudinalmente este espazo tivo que ser demolido por orde do Ministerio de Fomento, debido a que a entidade local non contaba cos permisos necesarios para poder executalo e, o outro, destinouse a protexer unha finca privada.

Deste xeito, a voceira municipal socialista, Fe Álvarez, critica que “primeiro fan esta parede sen ningún tipo de xustificación e logo resulta que a teñen que tirar. O lóxico é que se invista no mantemento deste espazo público non en levantar muros deste tipo que non teñen ningunha utilidade para os veciños ou que incluso están destinados a fins particulares”.

O Concello pagou 80 xornais para logo ter que demoler a obra

Na construción da infraestrutura que dividía esta Praza, asegura Álvarez, estiveron traballando 8 peóns durante dez días, ou o que é o mesmo, a súa execución tivo un custe para as arcas públicas duns 4.000 euros, correspondentes ós 80 xornais que tivo que pagar o Concello pola obra realizada. “Para desfacerlo, estiveron oito obreiros un día enteiro e logo tiveron que tiralo cunha pala excavadora. Isto demostra unha falta de planificación tremenda; unha falta de rigor na xestión do diñeiro público, de facer as cousas sen consultar coa xente...”, afirma a socialista.

O muro tamén impedía o estacionamento dos camións

A voceira do PSOE neste Concello subliñou, ademais, que a execución deste muro tamén tivo consecuencias para o sector do transporte. Concretamente, o seu levantamento provocou que os transportistas, que diariamente estacionaban o seu vehículo neste lugar durante os últimos anos, non puidesen facelo; unha molestia innecesaria que puido ser evitada, pois, tal e como indicou a voceira municipal, “aumentaba o risco de que os camioneiros fosen roubados ó ter que facer o descanso nun lugar máis afastado e con menos visibilidade”. É dicir, “o Alcalde hai uns días dille ós transportistas: collan vostedes os seus camións e lévenos a outro sitio e, hoxe resulta que tiran co muro. Tal e como están os tempos isto é tirar directamente o diñeiro ó lixo”, asegura.

Hai cartos para os muros, pero non para alumeados ou pistas

Fe Álvarez denuncia, así mesmo, que o goberno municipal empregue os cartos públicos neste tipo de actuacións, cando, a día de hoxe, veciños de varios núcleos están, por exemplo, sen alumeado público



Nota de prensa



Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

a partires das dúas da mañá, debido a que o Concello non dispón de fondos para mantelo activo máis horas; as traídas de auga son deficitarias; ou hai pobos que están practicamente incomunicados, a consecuencia de que os accesos a estas pequenas localidades presentan un estado moi deteriorado. "Existen carencias moi importantes que hai que atender, pero para o Alcalde semella que isto non é prioritario pero si que o é, sen embargo, facer paredes que logo teñen que ser tiradas. Esta é a incompetencia do noso goberno municipal, que apaga as farolas ás dúas da mañá porque di que non hai cartos e logo fai muros sen ningunha utilidade pública".

Proba desta "incompetencia", indica a socialista, é que no último Pleno, o Executivo municipal rexeitou unha moción do PSOE na que se instaba á entidade local a arranxar as pistas de A Silvela e Moral. Como contestación a esta proposta, o Alcalde indicou que "eran prioritarias as prazas". É dicir, "o que realmente é importante para o noso Rexedor é que nesta Praza se fixesen dous muros, o que dividía lonxitudinalmente este espazo e que, finalmente, foi demolidado e, o outro, co que a entidade local protexeu unha finca privada. Pero é que aínda hai máis, o equipo de goberno investiu recentemente miles de euros en desmontar o que estaba feito na outra Praza, a do Concello, e púxose a revestir unhas columnas. Resulta incomprensible, e case que é un insulto ós veciños, que para o Alcalde as prazas e os muros sexan máis relevantes que acometer os servizos básicos", concluíu a voceira socialista.

3 de decembro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSDeG-PSOE da provincia de Lugo